

Resolución núm. 2021/2775

RESOLUCIÓN

Nomeamento en réxime de persoal eventual a don Andrew George Macbeth como asesor político do grupo político de Democracia Ourensana

Unha vez visto que mediante resolución da Presidencia de data 2 de novembro de 2020, acordouse o cesamento de don Víctor Rodríguez Díaz como asesor político do grupo político de Democracia Ourensana, quedando por conseguinte, vacante este posto, reservado a persoal eventual.

Unha vez visto o escrito presentado no Rexistro Xeral desta Deputación por don Armando Ojea Bouzo en calidade de portavoz do grupo político de Democracia Ourensana o día 29 de marzo de 2021 (núm. anotación 2021011642) no que solicita a alta de don Andrew George Mcbeth como asesor político adscrito ao grupo político de Democracia Ourensana.

De conformidade co establecido no artigo 104.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, o nomeamento de persoal eventual é libre e corresponde á Presidencia.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Nomear a don Andrew George Mcbeth como asesor político do grupo político de Democracia Ourensana, en réxime de persoal eventual, con efectos do día 30 de marzo de 2021.

2.- O presente nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa inmediata executividade e da súa notificación ao interesado.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.



Asinado electronicamente por 34962672G
JOSE MANUEL BALTAR (R: P3200000B)
Presidente da Deputación de Ourense
30/03/2021 - 13:01:55

Asinado electronicamente por
ADAMANTINO BARREIRO GARCIA - 35297759G
Vicesecretario Xeral
30/03/2021 - 13:13:07